

Resolución do 4 de xullo de 2022, do Director-Xerente de SEAGA, no proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos nas listas previas na categoría de Enxeñeiro Técnico Agrícola, perfil “Dirección e/ou Xefatura de Obra”, no ámbito Servizos Centrais, pola que se aproban as listas de contratación e de agarda definitivas.

Por resolución do 28 de xuño de 2022 da comisión de selección aprobáronse e fixéronse públicas as listas provisionais de contratación e agarda, entre os candidatos incluídos nas listas previas na categoría de Enxeñeiro Técnico Agrícola, perfil “Dirección e/ou Xefatura de Obra”, no ámbito Servizos Centrais.

Transcorrido o prazo establecido para a presentación de reclamacións sobre a lista de contratación, e de conformidade co establecido nas bases específicas II 2.8 das que rexen o proceso, o Director-Xerente **ACORDA:**

Primeiro.- Resolver as reclamacións efectuadas.

Resolver as reclamacións efectuadas contra as listas provisionais na categoría de Enxeñeiro Técnico Agrícola, perfil “Dirección e/ou Xefatura de Obra” no ámbito Servizos Centrais.

Segundo.- Facer públicas as listas de contratación e agarda definitivas de candidatos trala resolución das reclamacións efectuadas.

Facer públicas as listas de contratación e agarda definitivas de candidatos, trala resolución das reclamacións efectuadas contra a listas provisionais de contratación e agarda na categoría de Enxeñeiro Técnico Agrícola, perfil “Dirección e/ou Xefatura de Obra” ámbito Servizos Centrais, por duplicado exemplar, que figura como ANEXO, un exemplar no que os candidatos figuran por orde descendente á puntuación obtida, e outro exemplar no que os candidatos figuran por orde ascendente do D.N.I., especificando o posto de prelación e a puntuación total acadada.

Santiago de Compostela, a 4 de xullo de 2022.

O Director-Xerente.



Asdo.-Pablo Arbones Maciñeira.